

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 3 DE XUÑO DE 2016.

## ASISTENTES:

### Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

### Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez
- Dna. Ana Ledo Fernandez
- Dna. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. Jose Balado Casal

### Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 13:00 hroas do día tres de xuño de dous mil dezaseis, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dna Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- TOMA POSESIÓN NOVO CONCELEIRO**

Vista a credencial do Concelleiro expedida polo Presidente da Xunta Electoral Central, en data 19/05/2016 a favor de D. Jesús Ángel Costoya Rúa, en substitución de D. Gonzalo Concheiro Coello, por renuncia do mesmo a dito cargo.

Formulouse polo designado a preceptiva declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais, de conformidade co preceptuado no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade ou impedimento, a teor do disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral, para adquirir a plena condición de concelleira.

Na súa virtude, o Pleno procede a dar posesión do cargo de Concelleiro a D. Jesús Ángel Costoya Rúa, previo xuramento do mesmo, de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, cumpríndose así os requisitos legalmente establecidos para tomar posesión.

A continuación a Alcaldía pregunta a D. Jesús Ángel Costoya Rúa:

**¿Xuras ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Boimorto con lealtade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?**

O que resposta coa man na Constitución: “sí xuro”.

O Pleno queda constituído e continúa con 11 concelleiros de novo tras a toma de posesión deste novo concelleiro.

## **2.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓN EXCLUSIVA ALCALDÍA INDEMNIZACIONES E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

### **<<PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓN EXCLUSIVA ALCALDÍA INDEMNIZACIONES E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, propono o Pleno do Concello de Boimorto para a súa aprobación se procede do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Establecer unha dedicación exclusiva do cargo de alcalde

A.- Cargos con dedicación exclusiva:

- Alcaldesa: retribución bruta anual de 39.200 €uros, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas) pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias) Total: 39.200 €uros brutos anuais.

**SEGUNDO.-** Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, por non existir cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

**TERCEIRO.-** Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal que se opoñan a este acordo.

Boimorto, 31 de maio de 2016

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez>>>

Explica a Alcaldesa que se mantén un só cargo con adicación exclusiva.

Sen máis intervencións por maioría con 9 votos a favor: 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro membro non adscrito así como con dous votos en contra do grupo municipal do BNG o Pleno municipal

**ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Establecer unha dedicación exclusiva do cargo de alcalde

A.- Cargos con dedicación exclusiva:

- Alcaldesa: retribución bruta anual de 39.200 €uros, cantidade que será aboada mensualmente (14 pagas) pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias) Total: 39.200 €uros brutos anuais.

**SEGUNDO.-** Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, por non existir cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de goberno e Comisións informativas sesenta euros (60€) por sesión.

**TERCEIRO.-** Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal que se opoñan a este acordo.

### **3.- PROPOSTA NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR E NO GDR**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce literalmente:

#### **<<PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR E NO GDR**

En aplicación do disposto no artigo 38.c) do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto no Consello Escolar e na Asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural UTM 23: Ulla, Tambre, Mandeo”.

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar a Alcaldesa Presidenta para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

**TERCEIRO.-** Deixar sen efecto os nomeamentos anteriores.

Boimorto, 31 de maio de 2016  
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez>>

Explica brevemente a Alcaldesa que asume có cargo esas representacións do Concello no Consello escolar así como no GDR como órgano supramunicipal.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro membro non adscrito así como con 5 votos en contra; tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Que sexa a propia Alcaldía quen represente o Concello de Boimorto no Consello Escolar e na Asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural UTM 23: Ulla, Tambre, Mandeo”.

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar a Alcaldesa Presidenta para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do

presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

**TERCEIRO.-** Deixar sen efecto os nomeamentos anteriores.

**4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA RELACIONADOS CO ARTIGO 38.D) DO RD 2568/1986 DE 28 DE NOVIEMBRE**

Pola Secretaria dase lectura ós decretos da Alcaldía relacionados con este punto da orde do día que a continuación se reproducen literalmente:

**Decreto:** 166 / 2016 **Data decreto:** 24/05/2016 **Descrición decreto:** Nomeamento Tenentes de Alcalde.

**DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o disposto no artigo 46 do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 tendo previsto esta Alcaldía propoñer o Pleno municipal a creación da Xunta de goberno local da que formarían parte os/as neste decreto nomeados/as Tenentes de Alcalde polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenentes de Alcalde pola orde expresada ós seguintes Concelleiros que serán propostos tamén por esta Alcaldía como membros da Xunta de goberno local cuxa creación será proposta ó Pleno:

- 1º D. Luís Rico Vereá
- 2º D. Elisardo Montero Castro
- 3º D. José Balado Casal

**SEGUNDO.-** Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

**TERCEIRO.-** A presente resolución notificárase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto vintecatro de maio de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

**Decreto:** 167 / 2016 **Data decreto:** 24/05/2016 **Descrición decreto:** Delegación de competencia do Alcalde na Xunta de Goberno Local e fixación dos días e horas de celebración das súas sesións ordinarias..

**DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Visto que foi creada a Xunta de Goberno Local por decreto da Alcaldía 286/2015 de data 25/06/2015

Visto o artigo 52 do Real Decreto 1968/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais.

Visto o artigo 112 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro que sinala que e competencia desta Alcaldía fixar por decreto día e hora de celebración de sesión ordinaria da Xunta de goberno local .

Vistos os artigos 114 a 118 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro polo presente e tendo en conta o disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e as bases de execución do orzamento municipal para o ano 2015 polo presente **RESOLVO:**

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/as seguintes concelleiros/as:

- 1.- Luís Rico Vereza
- 2.- Elisardo Montero Castro
- 3.- José Balado Casal

**SEGUNDO.-** Deixar sen efecto a delegación de competencias feita pola anterior Alcaldía Presidencia na Xunta de goberno local en decreto 408/2015 e recollida nas bases de execución do orzamento municipal do 2016 e delegar de forma expresa na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

A) A concesión de toda clase de licenzas e autorizacións.

B) As contratacións de obras, subministracións, servizos e xestión de servizos públicos así como contratos administrativos especiais e contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin en calquera caso a contía de seis millóns de euros incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado referido os recursos ordinarios do orzamento no primeiro exercicio nin a contía sinalada. Así como a adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3 millóns de euros así como a enaxenación do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe e contía indicados.

C) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento municipal.

D) Dispoñer gastos, dentro dos límites que competan ó alcalde e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, así como aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do orzamento municipal e que fosen recibidas polo Servicio de Intervención Tesourería, salvo os gastos referidos á nóminas do persoal do Concello que manteranse como de competencia da Alcaldía.

E) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do Planeamento xeral competencia da Alcaldía, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

F) Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos, e aprobación das liquidacións de ingresos salvo padróns municipais no desenvolvemento da xestión económica do orzamento en vigor aprobado que serán aprobados por Decreto da Alcaldía.

G) A aprobación das certificacións de obras, dos que sexa competencia súa a contratación.

H) Informar os expedientes relativos a actividades clasificadas, así como informar en expedientes relacionados coa concesión de licencias urbanísticas.

**TERCEIRO.-** Fixar os últimos xoves hábiles de cada mes (de coincidir inhábil celebraríase a sesión ordinaria o seguinte día hábil) para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local ás 13:30 horas.

**CUARTO.-**Da presente resolución, darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ó da data, conforme se indica no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deixando sen efecto calquera resolución ou acordo municipal contrario o disposto neste decreto.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto vintecatro de maio de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Os concelleiros do Pleno quedan informados.

### **5.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA NOMEAMENTO TESOURERÍA E PROPOSICIÓN MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN PARA PREVISIÓN INDEMNIZACIÓN**

Pola Secretaria dase lectura ó decreto da Alcaldía de nomeamento de novo tesoureiro que a continuación se reproduce literalmente:

<<**Decreto: 164 / 2016 Data decreto: 23/05/2016 Descrición decreto:** Substitución Tesourería.

#### **DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

No B.O.E de 10 de xullo de 2015 publicouse a Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modificaba a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público (entrada en vigor día 11 de xullo de 2015).

Aos efectos que aquí nos interesa, por facer referencia á Escala e en concreto ás Tesourarías, na Disposición final segunda da mesma modificábase a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

En concreto, engadíase un segundo parágrafo ao apartado primeiro de Disposición Transitoria Sétima da mesma. Devandito apartado primeiro quedaba redactado así:

" 1. En tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei, mantén a súa vixencia a normativa regulamentaria referida aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do citado artigo.

Até o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, excepcionalmente, cando nas Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, a imposibilidade de que as funcións de tesouraría e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación, ditas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira da Deputación Provincial ou entidades equivalentes, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ou cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo a coordinación de funcionarios do grupo A1 das Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes."

Tendo en conta o anterior, a partir da publicación da nova norma, as funcións de tesouraría xa non poden seguir sendo desempeñadas por concelleiras. Polo tanto, a Corporación debe proceder a un novo nomeamento conforme ao indicado no citado precepto, deixando sen efecto o decreto 511/2015 polo que resolvía nomear ao Concelleiro Tesoureiro.

No B.O.E do sábado 12 de setembro de 2015, publicouse o Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía (Real Decreto Lei 10/15).

A entrada en vigor deste Real Decreto Lei, produciuse de acordo ao disposto na Disposición final terceira do mesmo o mesmo día da súa publicación (12/09/15).

No concernente ao emprego público, atopamos, entre outras medidas, a contemplada no seu artigo 3 que modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local que queda redactado como segue:

" 2. A escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional subdivídese nas seguintes subescalas:

- a) Secretaría á que corresponden as funcións contidas no apartado 1 a) deste mesmo precepto (A de Secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo).
- b) Intervención-Tesouraría, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1 b) (O control e a fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesouraría e recadación)
- c) Secretaría-Intervención á que corresponden as funcións contidas nos anteditos apartados 1 a) e 1 b)."

A diferenza que se produce entre esta nova redacción do artigo 92 bis da LBRL dada polo Real Decreto Lei 10/2015 e a anterior, refírese unicamente á subescala de Secretaría-Intervención e estriba en que, á diferenza de antes, atribúenselle todas as funcións do apartado 1 b) do artigo 92 bis da LRBRL; en consecuencia, tamén a tesouraría, da que expresamente se lles salvaba ou excluía.

Na súa exposición de motivos, o Real Decreto Lei 10/2015 xustifica así esta modificación:

«En relación ao réxime de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional para as funcións de tesouraría, urxe aprobar unha reforma lexislativa que permita atribuír o exercicio destas funcións á subescala de secretaria-intervención, na liña de profesionalización destas funcións introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Con iso avánzase na profesionalización e a eficacia das funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Dada a recente constitución das Corporacións Locais, queda acreditada a extraordinaria e urxente necesidade, a fin de evitar a paralización destas funcións na maioría dos Concellos.»

Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) publicou os denominados "CRITERIOS SOBRE A APLICACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 92 BIS DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, DE BASES DO RÉXIME LOCAL, EFECTUADA POLO REAL DECRETO- LEI 10/2015, DE 11 DE SETEMBRO", que se transcriben a continuación:

"O artigo 3 do Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local nos seguintes termos:

"A escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional subdivídese nas seguintes subescalas:

- a) Secretaría, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.a) anterior.
- b) Intervención-tesouraría, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.b).
- c) Secretaría-intervención á que corresponden as funcións contidas nos apartados 1.a) e 1.b)."

Esta modificación implica que desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei (13 de setembro de 2015), os funcionarios pertencentes á Subescala de Secretaría- intervención teñen atribuídas por igual as funcións de secretaria, comprensivas da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, de control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e de contabilidade, tesouraría e recadación, non podendo ser desempeñadas estas funcións por Concelleiras.

En tanto non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, considérase por este Centro Directivo

que o desempeño de funcións de tesouraría en municipios de menos de 5.000 habitantes poderá articularse mediante algunha das seguintes posibilidades:

.Mediante agrupación de tesouraría, que fose establecida pola respectiva Comunidade Autónoma;

. Mediante un posto de colaboración, reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional;

. Mediante a Deputación Provincial ou entidades equivalentes ou Comunidade Autónoma Uniprovincial que asuma estas funcións a través dos seus servizos de asistencia técnica;

. Mediante outro funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencente a outro Municipio, a través da acumulación de funcións co seu posto habitual.

. De forma transitoria, co fin de garantir a actuación da Entidade Local respectiva, naqueles casos en que non sexa posible aplicar ningún dos criterios anteriormente sinalados, e en tanto se articule algún deles, a mesma persoa poderá desempeñar as funcións de secretaría, intervención e de tesouraría. Neste mesmo sentido, os secretarios interinos que actualmente desempeñen os postos de secretaría, clase terceira en Concellos e Agrupacións de Municipios constituídas para tal fin, poderán seguir exercendo, igualmente, as funcións de tesouraría, como propias dos devanditos postos.

#### RÉXIME TRANSITORIO

Máis, até o 31 de decembro de 2016, debe terse en conta a previsión contida na Disposición Transitoria Sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición Final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, de maneira que, cando non sexa posible acudir a algún dos sistemas anteriores e o posto de habilitado de carácter nacional non poida ser desempeñado por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional mediante os sistemas de provisión reservados aos mesmos (concursos, nomeamento provisional, comisión de servizos, acumulación), poderase efectuar un nomeamento accidental dun funcionario de carreira da Deputación Provincial ou entidade equivalente ou Comunidade Autónoma uniprovincial que asuma estas funcións (ben sexan funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional dos servizos de asistencia técnica, ou calquera outro funcionario da mesma). E cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local, para o que se propón o seguinte procedemento:

A acreditación da imposibilidade de que a cobertura dun posto por funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional corresponde ao Presidente da Corporación, como xefe superior de persoal.

A estes efectos, deberase poñer en coñecemento do Pleno da Corporación Local, mediante o correspondente informe, a imposibilidade de cobertura dun posto por funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Seguidamente solicitarase a asistencia da Deputación Provincial ou entidade equivalente, mediante comunicación dirixida ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos Municipios ou, no caso das Comunidades Autónomas Uniprovinciais, ao titular da Dirección Xeral correspondente, que debe coordinar todo o proceso, designando un funcionario de carreira da mesma, que poderán ser uns funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta calquera outro funcionario da mesma.

Unicamente en caso de resposta desfavorable por parte da Deputación Provincial ou entidade equivalente á solicitude de asistencia por parte do Presidente da Corporación, estarase facultado para propor o nomeamento dun funcionario propio da entidade local.

Igualmente poderase acudir a un nomeamento accidental, que de acordo co artigo 92 bis.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, compete efectuar á Comunidade Autónoma correspondente.

No caso de que non sexa posible o anterior, poderase acudir a un nomeamento de funcionario interino, de acordo co citado artigo 92.bis.7 da Lei 7/1985, artigo 10 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 34 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.



Tesourarías en municipios con posto de secretaría clasificada en clase 2a. Doutra banda, no que respecta a Entidades Locais con posto de secretaría clasificada en clase 2a, lémbrese que desde a aprobación da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local o exercicio de funcións reservadas corresponde, en exclusiva, a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Sétima da mencionada Lei.

Outubro 2015"

Á vista do exposto, e en atención ao indicado polo MINHAP, tendo en conta que a nova redacción do artigo 92 bis da LRBRL atribúe ao posto de Secretaría-Intervención as funcións de tesouraría, e en tanto non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, esta Alcaldía considera que o desempeño de funcións de tesouraría débese articular, de forma transitoria e co fin de garantir a actuación do concello, mediante a asunción polo Secretario-Interventor deste concello, D<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez das funcións de secretaría, intervención e de Tesourería. Por iso, ás funcións do posto de Secretaría-Intervención, corresponderanlle, ademais, as seguintes:

- O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.

- A Xefatura dos Servizos de recadación.

O manexo e custodia de fondos, valores e efectos comprende:

1) A realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos e valores da Entidade, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.

2) A organización da custodia de fondos, valores e efectos de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.

3) Executar, conforme ás directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en Bancos, Caixa Xeral de Depósitos e establecementos análogos, autorizando xunto co Computador de pagos e o Interventor os cheques e demais ordes de pago que se viren contra as contas abertas nos devanditos establecementos.

4) A formación dos plans e programas de Tesouraría, distribuindo no tempo as disponibilidades dinerarias da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación.

A xefatura dos Servizos recadatorios comprende:

1) O impulso e dirección dos procedementos recadatorios, propondo as medidas necesarias para que a cobranza se realice dentro dos prazos sinalados.

2) A autorización de pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores e axentes executivos.

3) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e autorizar a poxa de bens embargados.

4) A tramitación dos expedientes de responsabilidade por prexuízo de valores.

Para concluír e á vista da modificación efectuada no artigo 92.bis da LRBRL polo artigo 3 do Real Decreto Lei 10/2015, de 11 de setembro, e en virtude das atribucións que me veñen conferidas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Ordenar a substitución na tesouraría do Concello. Para ese efecto, debe levantarse, acta de arqueo de cesamento (saínte) / toma de posesión (entrante) ou documento similar en orde a fixar o momento temporal de traspaso de funcións, así como das responsabilidades inherentes a ela. A partir dese momento, unicamente existirán xa dous claveros e cuentadantes (Alcalde e Secretario-Interventor-Tesoureiro).

**SEGUNDO.-** Comunicar ás entidades financeiras esta nova situación, de tal forma que a partir do 23 de maio de 2015, as persoas autorizadas para o manexo de fondos municipais, e polo tanto, os claveros, pasan a ser dous (Alcalde e Secretario-Interventor-Tesoureiro) en lugar de tres, como eran até agora.

**TERCEIRO.-** Revogar o Decreto de data de 5/10/2015 polo que se resolvía nomear como Concelleiro Tesoureiro do Concello de Boimorto a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez ao atribuírse as citadas funcións ao posto de Secretaría-Intervención.

**CUARTO.-** Incoar o correspondente expediente para a modificación do complemento específico do posto de Secretaría-Intervención no borrador de relación de postos de traballo do Concello de Boimorto debido á necesaria adaptación das retribucións como consecuencia da asunción das novas

responsabilidades , prevendo transitoriamente durante un prazo de 6 meses e previa aprobación plenaria con efectos retroactivos a data de hoxe en aplicación do artigo 37 da lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril unha indemnización vía modificación bases de execución do orzamento municipal de Artigo 37 Posto de traballo

1. O posto de traballo é un conxunto de funcións, actividades, tarefas e outras responsabilidades identificadas baixo unha concreta denominación e para o desempeño das cales son esixibles determinados requisitos, méritos, capacidades e, no seu caso, experiencia ou categoría profesional.

2. Os órganos dos que dependan funcionalmente os empregados públicos poden asignar aos mesmos con carácter temporal, polo tempo imprescindible e, en todo caso, por un período máximo de seis meses, funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, categoría e grao, e a condición de que as necesidades do servizo o xustifiquen.

A asignación temporal de funcións contemplada neste apartado non pode supor diminución das retribucións do persoal afectado e dará lugar, no seu caso, ás indemnizacións que reglamentariamente se establezan. Así mesmo, será comunicada ao respectivo órgano de representación do persoal

Vista a falta de indemnización reglamentariamente fixada e considerando as retribucións que veñen sendo percibidas nos concellos limítrofes de menos de 5.000 habitantes por asumir estas funcións de tesouraría pola Secretaría Intervención, así como tendo en conta que a normativa reguladora dos habilitados nacionais para o suposto de provisión temporal de posto por acumulación de funcións que encaixa na súa esencia co suposto exposto e que a fixa na o artigo 31.3 RD 1732/1994 cun límite máximo de até o 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal propor ao Pleno municipal a aprobación, vía modificación de bases de execución e anexo de persoal de indemnización por este concepto, por importe de 600 € brutos mensuais durante seis meses ata que se resolva na normativa estatal esta situación.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución no próximo pleno ordinario que se celebre e dirixirse en asistencia da Deputación Provincial , mediante comunicación dirixida ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos Municipios para que se pronuncie sobre a coordinación posible deste proceso, designando un funcionario de carreira da mesma, que poderán ser uns funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta, calquera outro funcionario da mesma, para asumir a tesouraría deste Concello, así como dirixir escrito á CCAA e a Deputación Provincial en relación á posible cobertura da tesourería municipal

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto vintetrés de maio de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

A Alcaldesa remítese ao explicado en decreto e pola Secretaria sinalando que dende setembro de 2015 non podía un concelleiro/a asumir a tesourería, e dalle a palabra o voceiro do BNG Xosé Luis Rivas que sinala que expón que con esta nova lei non hai compasión cos pequenos municipios, que como neste Concello teñen delegada a recadación na Deputación cita que cando él foi Alcalde asumíuse a tesourería pola Técnica en contabilidade funcionaria, di que non entende o que quere facer o PP e que lle parecen excesivos 600€ polo que protesta dicindo que o PP quere acabar cos pequenos concellos que é un maltrato.

Sométese a votación por Alcaldía propoñer ao Pleno municipal a aprobación, vía modificación de bases de execución e anexo de persoal de indemnización por este concepto, por importe de 600 € brutos mensuais durante seis meses ata que se resolva na normativa estatal esta situación,

acordándose polo Pleno por maioría con nove votos a favor 6 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e cos dous votos en contra dos concelleiros do BNG.

**PRIMEIRO.-** Modificación de bases de execución e anexo de persoal de indemnización por este concepto para que se asuma temporalmente nos termos dos considerandos deste acordo reflexados en decreto da Alcaldía por seis meses pola Secretaría interventora cunha indemnización de 600 € brutos mensuais, durante seis meses ata que se resolva na normativa estatal esta situación.

**SEGUNDO.-** Dirixirse en asistencia da Deputación Provincial, mediante comunicación dirixida ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos Municipios para que se pronuncie sobre a coordinación posible deste proceso, designando un funcionario de carreira da mesma, que poderán ser uns funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, integrado nos servizos de asistencia técnica, ou na súa falta, calquera outro funcionario da mesma, para asumir a tesourería deste Concello, así como dirixir escrito á CCAA e a Deputación Provincial en relación á posible cobertura da tesourería municipal.

## **6.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN EXPEDIENTE MC SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2016**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 3/06/2016**

Visto o expediente para modificación a realizar no Orzamento do exercicio 2016 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue:

**Aportación municipal gasto subvencionado Plan Marco Mellora camiños municipais Agader Xunta de Galicia por importe de 15.094,80€ de ive .**

**Aportación municipal proxecto Mellora aforro enerxético alumado público aportación do ive e do 20% tras modificación do proxecto 14.933,22€**

A) baixa créditos para merca de cámara agraria partidas 241.62200 que non vai ser adquirida nesta anualidade, baixa por importe de 14.933,22€ para suplementar a partida 16561900.

B) baixa 9.916,78€ desta mesma partida 241.62200 , baixa de 1.480,72€ da partida 161.63700 bomba e reparación augas e 3.697,30€ da partida de créditos para gastos auxiliar administrativo retribucións 920.12004 por estar vacante dito posto sumando todas estas baixas o suplemento na partida 1532.61900 por importe de 15.094,80€

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 31/05/2016.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2015.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sin dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito tal e como segue:**Aportación municipal gasto subvencionado Plan Marco Mellora camiños municipais Agader Xunta de Galicia por importe de 15.094,80€ de ive.**

**Aportación municipal proxecto Mellora aforro enerxético alumado público aportación do ive e do 20% tras modificación do proxecto 14.933,22€**

A) baixa créditos para merca de cámara agraria partidas 241.62200 que non vai ser adquirida nesta anualidade, baixa por importe de 14.933,22€ para complementar a partida 16561900.

B) baixa 9.916,78€ desta mesma partida 241.62200 , baixa de 1.480,72€ da partida 161.63700 bomba e reparación augas e 3.697,30€ da partida de créditos para gastos auxiliar administrativo retribucións 920.12004 por estar vacante dito posto sumando todas estas baixas o suplemento na partida 1532.61900 por importe de 15.094,80€

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización do crédito subvencionado e xustificación das subvencións.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

**Cuarto.-** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto 31 de maio de 2016

A Alcaldesa :

Asdo.-Mª Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa somete a votación a urxencia da proposición que se acepta por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros/as e explica dita modificación para logo darlle a palabra o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que pregunta se hai outro plan de aforro enerxético o que a Alcaldesa di que sí explicando que as que se van a modificar agora son farolas que teñen 25 anos para evitar reparacións e gastos en material eléctrico. O concelleiro do BNG manifesta a súa oposición a un cuarto plan de aforro enerxético entendendo que se gasta máis en planificar o aforro que no que se aforra.

A Alcaldesa dalle a palabra á voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE Dª Ana Ledo que sinala que xa na súa época se fixo e se criticou e agora faise de novo o plan de aforro e pregunta pola previsión de gastos no orzamento para adquisición da Cámara agraria cando se renuncia a ese gasto.

Resposta a Alcaldesa que foron á Xunta para que volva a valorar a Cámara agraria e poder adquirila e que lle deron a palabra de baixala de prezo di que quere adquirila pero o menor custe posible.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous dos concelleiros do BNG e un voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito tal e como segue: **Aportación municipal gasto subvencionado Plan Marco Mellora camiños municipais Agader Xunta de Galicia por importe de 15.094,80 € de IVE.**

**Aportación municipal proxecto Mellora aforro enerxético alumado público aportación do IVE e do 20% tras modificación do proxecto 14.933,22 €**

A) baixa créditos para merca de cámara agraria partidas 241.62200 que non vai ser adquirida nesta anualidade, baixa por importe de 14.933,22 € para complementar a partida 16561900.

B) baixa 9.916,78€ desta mesma partida 241.62200, baixa de 1.480,72 € da partida 161.63700 bomba e reparación augas e 3.697,30 € da partida de créditos para gastos auxiliar administrativo retribucións 920.12004 por estar vacante dito posto sumando todas estas baixas o suplemento na partida 1532.61900 por importe de 15.094,80 €

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización do crédito subvencionado e xustificación das subvencións.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2016, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

**Cuarto. -** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

## **7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN Á DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO**

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

### **<<PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN Á DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.**

Vista a disposición adicional quinta do Texto refundido da lei de contratos do sector público Real decreto legislativo 3/2011 que sinala:

#### **Disposición adicional quinta Contratos reservados**

1. Mediante Acuerdo del Consejo de Ministros o a través del órgano competente en el ámbito de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales, se fijarán porcentajes mínimos de reserva del derecho a participar en los procedimientos de adjudicación de determinados contratos o de determinados lotes de los mismos a Centros Especiales de Empleo y a empresas de inserción reguladas en la Ley 44/2007, de 13 de diciembre, para la regulación del régimen de las empresas de inserción, que cumplan con los requisitos establecidos en dicha normativa para tener esta consideración, o un porcentaje mínimo de reserva de la ejecución de estos contratos en el marco de programas de empleo protegido, a condición de que **al menos el 30 por ciento de los empleados de los Centros Especiales de Empleo, de las empresas de inserción o de los programas sean trabajadores con discapacidad o en riesgo de exclusión social.**

En el referido Acuerdo del Consejo de Ministros o a través del órgano competente en el ámbito de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales, se fijarán las condiciones mínimas para garantizar el cumplimiento de lo establecido en el párrafo anterior.

2. En el anuncio de licitación deberá hacerse referencia a la presente disposición.

Disposición adicional quinta redactada por el artículo cuarto de la Ley 31/2015, de 9 de septiembre, por la que se modifica y actualiza la normativa en materia de autoempleo y se adoptan medidas de fomento y promoción del trabajo autónomo y de la Economía Social («B.O.E.» 10 septiembre). Vigencia: 10 octubre 2015

Esta Alcaldía propón que o Pleno municipal **ACORDE** :

**ÚNICO.-** Reservar con carácter obrigatorio máximo un 1% de contratos administrativos que celebre o Concello a centros especiais de emprego este cupo de contratación será para aquelas obras e servizos susceptibles de ser realizables por un centro especial de emprego. Reservarase a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego, sempre que as prestacións do contrato estén comprendidas dentro dos fins, obxeto ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais. Os obxectos contratuais susceptibles de reserva serán as obras e os servizos de conservación e mantemento de bens inmoables, os servizos de conserxería,

mensaxería correspondencia, os servizos de xardinería e forestal, de artes gráficas, de limpeza e lavandería, de restauración, de recollida e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e subministros auxiliares para o funcionamento do sector público. Os órganos de contratación poderán ampliar a reserva a outros obxectos contratuais atendendo a súa adecuación ás prestacións dos centros referidos.

A reserva deberá mencionarse no título do contrato e no anuncio de licitación e / ou invitación.

O importe dos contratos reservados será determinado con un límite mínimo do 1 % do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario anterior por contrato menor e ou procedemento negociado.

As empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e cumprir os requisitos necesarios para o exercicio da súa actividade.

Os contratos reservados deben someterse o réxime xurídico establecido pola normativa vixente reguladora da contratación pública.

**Boimorto 31/05/2016**

**A Alcaldesa:**

**Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez>>**

Explica a Alcaldesa que xa se fixeron contratacións así por Alcaldes anteriores en xardíns para Centros especiais de emprego.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous dos concelleiros do BNG e un voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

**UNICO.-** Reservar con carácter obrigatorio máximo un 1% de contratos administrativos que celebre o Concello a centros especiais de emprego este cupo de contratación será para aquelas obras e servizos susceptibles de ser realizables por un centro especial de emprego. Reservarase a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego, sempre que as prestacións do contrato estén comprendidas dentro dos fins, obxeto ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais. Os obxectos contratuais susceptibles de reserva serán as obras e os servizos de conservación e mantemento de bens inmoables, os servizos de conserxería, mensaxería correspondencia, os servizos de xardinería e forestal, de artes gráficas, de limpeza e lavandería, de restauración, de recollida e transporte de residuos, de fabricación de roupa de traballo e servizos e subministros auxiliares para o funcionamento do sector público. Os órganos de contratación poderán ampliar a reserva a outros obxectos contratuais atendendo a súa adecuación ás prestacións dos centros referidos.

A reserva deberá mencionarse no título do contrato e no anuncio de licitación e / ou invitación

O importe dos contratos reservados será determinado con un límite mínimo do 1 % do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario anterior por contrato menor e ou procedemento negociado.

As empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e cumprir os requisitos necesarios para o exercicio da súa actividade.

Os contratos reservados deben someterse o réxime xurídico establecido pola normativa vixente reguladora da contratación pública.

**8.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA CONVENIO E SUBVENCIÓN SERVIZO NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA**

Pola Secretaria dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN ALCALDÍA CONVENIO E SUBVENCION SERVIZOS NORMALIZACION LINGÜISTICA.**

Solícitase a aceptación de urxencia deste asunto sen ditaminar considerando a necesidade de determinar a retribución adecuada das funcións asumidas por esta traballadora.

*Por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito acéptase a urxencia deste punto sen dictaminar.*

Visto informe da Secretaria interventora acumulada D<sup>a</sup> Carmen Gómez Otero de data 31/03/2016 en relación a necesidade de aprobación polo pleno de Convenio de servizos de normalización lingüística a prestar xunto cós concellos de Sobrado e de Arzúa así como en relación ó punto sétimo do Convenio sobre modificación puntual do contrato da traballadora D<sup>a</sup> Silvy Cea Vázquez para incremento de salario con dúas pagas extraordinarias aparte das que tiña prorrateadas considerando q excepción os límites de incrementos salariais fixados na Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2016 no artigo 19.7 por considerar que a prestación do servizo agora tamén en Arzúa podería entrar na excepción de “ grao de consecución de obxetivos” e informa da necesidade de memoria xustificativa dos obxectivos a cumprir que amose que son maiores que os que se viñan cumprindo( o informe ten acompañado dita memoria da que se deu conta na Xunta de goberno local de marzo de 2016 e foi aprobada en dita Xunta de goberno )

Visto informe da Secretaria interventora titular D<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez de data 27/05/2016 no que se informa desfavorablemente dita subida salarial con fundamento na normativa e xurisprudencia neste informe sinalada e se considera nula de pleno dereito.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente propoño que o Pleno municipal en aplicación do artigo 47.2h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e ratificar Convenio para prestación conxunta do Servizo de normalización lingüística cós Concellos de Sobrado e Arzúa , tal e como consta en Anexo sen reflexar cláusulas de aumento salarial quedando condicionada á modificación salarial da traballadora ó que se resolva no punto segundo.

**SEGUNDO.-** Aprobar o aumento salarial proposto considerando que dito aumento salarial conleva parte do correspondente na valoración inicial do posto en RPT non prexudica o Concello por estar subvencionado e responde a maior carga laboral validando a memoria de maiores obxetivos que consta no expediente.

**ANEXO I**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA MANTEMENTO EN COMUN DO SERVIZO DE NORMALIZACION LINGÜISTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO E ARZÚA.**

En Boimorto a .....

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Luís Lisardo Santos Ares , en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. José Luís García López en nome e representación do Concello de Arzúa.

Doutra parte, D. Gonzalo Concheiro Coello, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se conseguen na prestación conxunta dos servizos, polo tanto, tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese, polo tanto, que os Concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa poden subscribir un convenio para o mantemento conxunto dun servizo de normalización lingüística sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a comunicación de data 18/11/2015 da Deputación Provincial da Coruña – Presidencia da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística- no que se informa que no orzamento deste organismo para o exercicio 2016 inclúese a partida para facer fronte ás subvencións do Convenio de cooperación cos concellos para o financiamento de creación ou mantemento do servizo lingüístico, mantendo o servizo de normalización lingüística en conxunto cos tres concellos: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa.

**Segundo.-** A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado dos Monxes e Arzúa para a creación e mantemento en común dun servizo de normalización lingüística conxunto.

**Terceiro.-** O Concello de Boimorto ten un servizo de normalización lingüística creado cun técnico contratado e que forma parte da Rede de Dinamización Lingüística que pretende poñer en común para prestación conxunta deste servizo. Os Concellos de Sobrado dos Monxes e Arzúa carecen do Servizo de Normalización Lingüística. Esta carencia está motivada pola falta dun técnico de normalización lingüística en cada un destes Concellos. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

En base ao exposto, e coa finalidade de crear e manter en común o servizo de normalización lingüística para Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa, acórdase a subscripción do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

## ESTIPULACIÓNS



**Primeira.-** O Concello de Boimorto permitirá que o persoal contratado no seu servizo de normalización lingüística sega formando parte da agrupación con Sobrado dos Monxes e Arzúa no marco da colaboración pactada e preste os seus servizos en conxunto para os tres concellos. O técnico de normalización lingüística realizará as funcións técnicas que aparecen determinadas na base 3ª da convocatoria publicada pola Deputación Provincial en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal e oficina do servizo de normalización conxunto na casa consistorial do Concello de Boimorto.

**Segunda.-** O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar as solicitudes de subvencións ante os organismos competentes sendo, así, o Concello de Boimorto o perceptor tanto da subvención da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia en caso de que saian convocadas. O Concello de Boimorto pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado dos Monxes nin o Concello de Arzúa ningún tipo de obriga económica en relación cos custos de nóminas do persoal actualmente contratado.

**Terceira.-** Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia. Tanto o Concello de Boimorto como Sobrado dos Monxes pertencen á Rede de Dinamización Lingüística e o Concello de Arzúa tramitarase.

**Cuarta.-** A organización do novo servizo rexerese polo establecido neste convenio, así como, por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redación, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

**Quinta.-** O presente convenio rexerá dende o 1 de xaneiro de 2016 e terá carácter indefinido ata que unha das partes determine a súa extinción ou modificación.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

.....

**Boimorto 31/05/2016**

**A Alcaldesa:**

**Asdo.- Mª Jesús Novo Gómez>>>**

En relación co apartado 2 do acordo proposto sinala Alcaldía que ven unha subvención que aumenta, e se solicita xunto cun Concello con máis habitantes (Arzúa) polo que hai un aumento das tarefas deste persoal e aumento de subvención que xustifica o incremento retributivo que ademáis xa se contempla na RPT, remata dicindo que sería bo ter máis subvencións.

Pregunta a concelleira do PSdG-PSOE Dª Ana Ledo si se incrementan dúas subvencións resposta a Alcaldesa que a que sube é a da Deputación, a concelleira do PSdG PSOE Ana Ledo pregunta se é real a maior carga de traballo o que a Alcaldesa di que sí que están programadas actividades no colexio, programas na radio.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas sinala que esta non é a subvención doutros anos que o BNG en Deputación aumenta esta subvención fronte a baixada que fixera o PP e pide que conste en acta a necesidade da normalización lingüística, pregunta se aumenta o total da subvención o que a Alcaldesa respota que sí, continúa o concelleiro preguntando se foi

solicitado informe aos servizos da Deputación di a Alcaldesa que sí pero que non chegou para o Pleno.

Sen máis intervencións por unanimidade sometidos ambos puntos do acordo por separado á votación co mesmo resultado de aprobación por unanimidade para os dous, cos votos favorables dos 11 concelleiros, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e ratificar Convenio para prestación conxunta do Servizo de normalización lingüística cos Concellos de Sobrado e Arzúa, tal e como consta en Anexo sen reflexar cláusulas de aumento salarial quedando condicionada á modificación salarial da traballadora ó que se resolva no punto segundo.

**SEGUNDO.-** Aprobar o aumento salarial proposto considerando que dito aumento salarial conleva parte do correspondente na valoración inicial do posto en RPT non prexudica o Concello por estar subvencionado e responde a maior carga laboral validando a memoria de maiores obxectivos que consta no expediente.

#### **ANEXO I**

#### **CONVENIO DE COOPERACIÓN PARA MANTEMENTO EN COMUN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CONCELLOS DE: BOIMORTO, SOBRADO E ARZÚA.**

En Boimorto a .....

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Luís Lisardo Santos Ares , en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. José Luís García López en nome e representación do Concello de Arzúa.

Doutra parte, D.Gonzalo Concheiro Coello, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se conseguen na prestación conxunta dos servizos, polo tanto, tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese, polo tanto, que os Concellos de: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa poden subscribir un convenio para o mantemento conxunto dun servizo de normalización lingüística sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido

nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a comunicación de data 18/11/2015 da Deputación Provincial da Coruña – Presidencia da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística- no que se informa que no orzamento deste organismo para o exercicio 2016 inclúese a partida para facer fronte ás subvencións do Convenio de cooperación cos concellos para o financiamento de creación ou mantemento do servizo lingüístico, mantendo o servizo de normalización lingüística en conxunto cos tres concellos: Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa.

**Segundo.-** A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado dos Monxes e Arzúa para a creación e mantemento en común dun servizo de normalización lingüística conxunto.

**Terceiro.-** O Concello de Boimorto ten un servizo de normalización lingüística creado cun técnico contratado e que forma parte da Rede de Dinamización Lingüística que pretende poñer en común para prestación conxunta deste servizo. Os Concellos de Sobrado dos Monxes e Arzúa carecen do Servizo de Normalización Lingüística. Esta carencia está motivada pola falta dun técnico de normalización lingüística en cada un destes Concellos. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

En base ao exposto, e coa finalidade de crear e manter en común o servizo de normalización lingüística para Boimorto, Sobrado dos Monxes e Arzúa, acórdase a subscrición do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

## ESTIPULACIÓNS

**Primeira.-** O Concello de Boimorto permitirá que o persoal contratado no seu servizo de normalización lingüística sega formando parte da agrupación con Sobrado dos Monxes e Arzúa no marco da colaboración pactada e preste os seus servizos en conxunto para os tres concellos. O técnico de normalización lingüística realizará as funcións técnicas que aparecen determinadas na base 3ª da convocatoria publicada pola Deputación Provincial en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal e oficina do servizo de normalización conxunto na casa consistorial do Concello de Boimorto.

**Segunda.-** O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar as solicitudes de subvencións ante os organismos competentes sendo, así, o Concello de Boimorto o receptor tanto da subvención da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia en caso de que saian convocadas. O Concello de Boimorto pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado dos Monxes nin o Concello de Arzúa ningún tipo de obriga económica en relación cos custos de nóminas do persoal actualmente contratado.

**Terceira.-** Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia. Tanto o Concello de Boimorto como Sobrado dos Monxes pertencen á Rede de Dinamización Lingüística e o Concello de Arzúa tramitarase.

**Cuarta.-** A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio, así como, por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redacción, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

**Quinta.-** O presente convenio rexerá dende o 1 de xaneiro de 2016 e terá carácter indefinido ata que unha das partes determine a súa extinción ou modificación.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

.....

**9.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN INDEMNIZACIÓN POR ASIGNACIÓN PROVISIONAL DE FUNCIONS DE DIRECCIÓN Á TÉCNICA EN INTERVENCIÓN FAMILIAR PSICÓLOGO**

A Alcaldesa solicita á Secretaría a lectura da proposición que consta no expediente e que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSICIÓN ALCALDÍA MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN INDEMNIZACIÓN POR ASIGNACIÓN PROVISIONAL DE FUNCIONS DE DIRECCIÓN Á TÉCNICA EN INTERVENCIÓN FAMILIAR PSICÓLOGO.**

Solicítase a aceptación de urxencia deste asunto sen dictaminar considerando a necesidade de retribución adecuada das funcións asumidas por esta traballadora. (Pola Alcaldía sométese a votación a aceptación da urxencia deste punto sen dictaminar por Comisión informativa , aceptáse a urxencia por unanimidade deste punto sen dictaminar por Comisión informativa con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo do BNG e un do concelleiro membro non adscrito)

Visto o decreto 69/2016 de atribución temporal de funcións á Técnica en intervención familiar psicóloga das funcións de dirección da Residencia de maiores e centro de día deste Concello no que se reflexan antecedentes e prórrogas desta atribución temporal.

Vista a limitación orzamentaria fixada na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2016 de incremento de gastos de persoal ( selección de novo persoal ) artigo 19 apartados 2 e 7 Lei 48/2015 de 29 de outubro.

Visto informe de Galivalia empresa redactora da RPT de data 31/05/2016 considerando a excepción a incrementos salariais dentro da excepción do 19.7 polo contido do posto faltando unha aprobación da RPT e valorando que o salario se incremente por atribución temporal de funcións en 280€ mensuais como indemnización.

Tendo en conta que o artigo 37 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril sinala literalmente:

**Artículo 37 Puesto de trabajo**

1. El puesto de trabajo es un conjunto de funciones, actividades, tareas y otras responsabilidades identificadas bajo una concreta denominación y para el desempeño de las cuales son exigibles determinados requisitos, méritos, capacidades y, en su caso, experiencia o categoría profesional.

**2. Los órganos de los que dependen funcionalmente los empleados públicos pueden asignar a los mismos con carácter temporal, por el tiempo imprescindible y, en todo caso, por un período máximo de seis meses, funciones, tareas o responsabilidades distintas a las correspondientes al puesto de trabajo que desempeñen, siempre que resulten adecuadas a su clasificación, categoría y grado, y siempre y cuando las necesidades del servicio lo justifiquen.**

**La asignación temporal de funciones contemplada en este apartado no puede suponer merma de las retribuciones del personal afectado y dará lugar, en su caso, a las indemnizaciones que reglamentariamente se establezcan. Asimismo, será comunicada al respectivo órgano de representación del personal.**

Considerando que elaboradas dúas RPT e necesario o inicio da súa negociación e conseguir á aprobación de dito instrumento máis que as necesidades do servizo fan necesaria esta atribución temporal xa limitada temporalmente pola lei en 6 meses , e constando informe da empresa Galivalia redactora do último borrador de RPT presentado no Concello no que se valora economicamente o desempeño de ditas funcións pola Técnica en intervención familiar psicólogo do Concello mantendo as súas funcións para a atención primaria cunha adicación nestes 6 meses do 43% da súa xornada semanal de 37,5 horas ( e dicir 16 horas de traballo semanal).

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Asignar previa transferencia de créditos por Alcaldía entre partidas do capítulo 1 coa indemnización fixada en informe de Galivalia (empresa redactora da RPT) que consta no expediente cun incremento salarial de 280€ máis mensuais por un prazo máximo de 6 meses as funcións de dirección da Residencia e Centro de día do Concello de Boimorto ( que aparecen na memoria de iniciativa pública deste servizo aprobada polo Pleno municipal ) ó posto de Técnica en intervención familiar psicólogo mantendo as súas competencia en atención primaria a desenvolver en media xornada 19 horas semanais de traballo e a xustificar ante a Excma Deputación Provincial de A Coruña que subvenciona ditas funcións en media jornada en 13.928,85€ nesta anualidade.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ó Comité de empresa e a traballadora afectada os efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Tramitar expediente de modificación de bases de execución do orzamento 2016 ( base 42 ) así como de anexo de persoal para reflexar este incremento salarial como indemnización por atribución temporal de funcións con amparo no artigo 37 da Lei de emprego público de Galicia aplicando o procedemento previsto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Real decreto legislativo 2/2004.

**Boimorto 31/05/2016**

**A Alcaldesa:**

**Asdo.- Mª Jesús Novo Gómez>>**

A Alcaldesa expón o incremento salarial e condicións desta adscrición, e dalle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que di que xa se fixo dúas ou tres veces esa atribución e que xa que se pide informe á empresa da RPT para isto que se pida tamén para outros traballadores que hai que ter en conta a situación tamén doutros traballadores, expón que o PP non ten máis remedio que facer isto que falta ideas e que hai xente traballando nunha situación moi inxusta, instando a que se poñan solucións.

A continuación a Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE Dª Ana Ledo que expón que votarán que sí os membros do seu grupo pero con peros xa que hai que dar unha solución baixo a responsabilidade que pasa ademais pola elaboración e aprobación dunha relación de postos de traballo.

A Alcaldesa dalle a palabra ao concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que di que a Residencia de Boimorto ten que ampliarse xa, estar o servizo da xente deste Concello con prazas para a xente que non ten medios que tan só ten ingresos por 400 € ou 600 €.

Sen máis intervención por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo do BNG e un do concelleiro membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Asignar previa transferencia de créditos por Alcaldía entre partidas do capítulo 1 coa indemnización fixada en informe de Galivalia (empresa redactora da RPT) que consta no expediente cun incremento salarial de 280€ máis mensuais por un prazo máximo de 6 meses as funcións de dirección da Residencia e Centro de día do Concello de Boimorto ( que aparecen na memoria de iniciativa pública deste servizo aprobada polo Pleno municipal) ó posto de Técnica en intervención familiar psicólogo mantendo as súas competencia en atención primaria a desenvolver en media xornada 19 horas semanais de traballo e a xustificar ante a Excmá Deputación Provincial de A Coruña que subvenciona ditas funcións en media xornada en 13.928,85 € nesta anualidade.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ó Comité de empresa e a traballadora afectada aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Tramitar expediente de modificación de bases de execución do orzamento 2016 ( base 42 ) así como de anexo de persoal para reflexar este incremento salarial como indemnización por atribución temporal de funcións con amparo no artigo 37 da Lei de emprego público de Galicia aplicando o procedemento previsto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Real decreto legislativo 2/2004.

## **10.- PROPOSTA ALCALDÍA INCOACIÓN EXPEDIENTE DECLARACIÓN NULIDADE CONTRATO MENOR**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

### **<<PROPOSTA ALCALDÍA INCOACIÓN EXPEDIENTE DECLARACIÓN NULIDADE CONTRATO MENOR**

Visto o decreto 98/2016 de data 29/03/2016 para a Contratación menor do servizo de asistencia xurídica e xudicial ao Concello de Boimorto amparado en informe de secretaria acumulada de data 22/03/2016.

Visto informe da secretaria interventora titular de data 15/04/2016 con entrada neste Concello nº 756 no que sinala “ 7.- Existen contrataciones administrativas como contrato menor de asesoría jurídica y defensa judicial por 18.000€ año más iva que serán informadas por esta Secretaría Intervención considerando que dicho gasto no puede ser objeto de contratación menor así lo señala el informe de junta consultiva de contratación administrativa INFORME 30/12, de 7 de mayo de 2012. “Calificación jurídica de los contratos entre el Ayuntamiento y un abogado. Así como defendiendo como función pública reservada por ley a funcionarios con habilitación estatal la de asesoría jurídica y señalando que la defensa jurídica en este Ayuntamiento sin coste alguno ha sido siempre desempeñada por el Servicio de Asistencia a municipios de la Excmá Diputación Provincial por lo que este gasto no respondería al cumplimiento de los siguientes principios señalados en la LO 2/2012 de 27 de abril de Estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera ;

Artículo 7 Principio de eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos

1. Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.

3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera

Se ha manifestado a día de hoy por la Alcaldía la intención de dejar sin efectos con declaración de nulidad dicho contrato lo que considero debe hacerse constar expresamente en este informe.”

Vista a necesidade de declaración de nulidade deste contrato, considerando que segundo informa a secretaria interventora deste Concello non seguiu está contratación o procedemento legalmente establecido en aplicación do artigo 62.1e) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común e tendo en conta a necesidade de aplicación do artigo 102 da Lei 30/1992 que sinala:

**Artículo 102 Revisión de disposiciones y actos nulos**

1. Las Administraciones públicas, en cualquier momento, **por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1.**

.....

4. Las Administraciones públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 139.2 y 141.1 de esta Ley; sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.

**5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de tres meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo.** Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.

Polo presente propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-**Incoar de oficio o expediente para a declaración de nulidade do decreto 98/2016 Contrato menor dando audiencia ós interesados sometendo posteriormente a ditamen do órgano consultivo competente da nosa CCAA esta declaración de nulidade co traslado do expediente suspendendo dende solicitude ó órgano consultivo de ditame ata a recepción do ditame o prazo de tres meses para caducidade.

**SEGUNDO.-**Que se de audiencia ós interesados remitindo o expediente unha vez completo ó órgano consultivo da CCAA para emisión de dictame.

**Boimorto 31/05/2016**

**A Alcaldesa:**

**Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez**

Di a Alcaldesa que a secretaria acumulada non permitía axilidade en sacar cousas polo que o Alcalde nese momento decidiu reforzar a asesoría xurídica, dito contrato considerouse válido pola secretaria acumulada pero o incorporarse á titular dixo que era nulo polo que queren declarar a nulidade.

A continuación dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE D<sup>a</sup> Ana Ledo que di que a ela poñéñse os pelos de punta con isto, que o seu grupo está preocupado sobre que máis cousas se fixeron e deron por válidas por unha secretaria que non admitía críticas, considerando que todos podemos criticar e que este expediente dalle razón as críticas xa feitas. O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas maniféstase dacordo co exposto pola voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE.

Sen máis intervencións o Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e un do concelleiro membro non adscrito **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-**Incoar de oficio o expediente para a declaración de nulidade do decreto 98/2016 Contrato menor dando audiencia ós interesados sometendo posteriormente a ditamen do órgano

consultivo competente da nosa CCAA esta declaración de nulidade co traslado do expediente suspendendo dende solicitude ó órgano consultivo de ditame ata a recepción do ditame o prazo de tres meses para caducidade.

**SEGUNDO.-**Que se de audiencia ós interesados remitindo o expediente unha vez completo ó organo consultivo da CCAA para emisión de dictame.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 13:54 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que a acta da sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 3 de xuño de 2016, está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070641 ao nº 3070652

A SECRETARIA,